

Mundo rural en desaparición

16.12.2008

MIGUEL ANXO FERNÁN VELLO

O noso país, como todos sabemos e resulta evidente, leva varias décadas - particularmente dende os anos setenta do pasado século- sufrindo unha crecente perda de poboación, e isto, unido a un imparábel proceso de urbanización e modernización, provoca de vez, con diferentes intensidades e en practicamente todo o territorio, a desaparición diso que denominamos "mundo rural". E desaparece, pois -á par do fenómeno humano, material e económico-, unha parte fundamental da nosa cultura profunda; en certo xeito, desaparece unha parte fulcral do noso ser no tempo e na historia. Toda unha constatación. O rural como patria, como berce, como centro, mesmo como mito, deixa paso a un baleiro que non deixa de ser desacougante e a un horizonte urbano de incertas formas, en principio, para o espírito. E nos últimos tempos, alén dos estudos económicos e sociolóxicos, é a poesía, como non -excelente vía sempre de percepción dos diversos planos da realidade-, a que está a captar de xeito intenso ese drama, tantas veces silencioso, e por veces tamén trágico, da desaparición forzada dun mundo próximo a nós e sumamente entrañábel. Poetas como Emilio Araújo, Medos Romero, ou máis recentemente Olalla Cociña, souberon expresar e "sentiron" de xeito especial esa perda, converténdose en lúcidos cronistas dese devalar material e existencial. O propio Emilio Araújo, desolado pola perda dunha parte tan fundamental do "noso", non dubida en afirmar que "asistimos ao holocausto do rural galego", e engade o poeta-etnólogo que diante da desaparición do mundo labrego, e para facer posíbel a escrita poética, "haberá que loitar polo principio de unicidade e alegría que implica todo poema". Porque os poetas, na súa tensión existencial en relación con este drama, cantan o que se perde, as imaxes e símbolos que desaparecen, a memoria dun mundo e dun tempo. No rural galego desaparecen cada ano milleiros de explotacións. Morre o rural. E a poesía, crónica tamén do real, convértese nun inevitábel tremor, o fondo laio da desaparición.